



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**REGULAMENTO PARA A ADMISIÓN E PERMANENCIA DAS
EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA NO VIVEIRO DE EMPRESAS
DA UDC
(Consello de Goberno de 31 de maio de 2005)**

A creación de empresas de base tecnolóxica de iniciativa universitaria estase a consolidar como un mecanismo alternativo de transferencia do coñecemento xerado polos departamentos, institutos e grupos de investigación das universidades europeas. Dous son os aspectos que interesa salientar en relación con este tipo de iniciativas:

- Permiten establecer unha ponte que enlace a investigación académica co proceso de innovación tecnolóxica do noso contorno produtivo máis inmediato, no marco da área de influencia territorial da Universidade da Coruña.
- Permiten fomentar a cultura emprendedora no estudantado, no persoal docente e investigador e no persoal de administración e servizos da nosa institución.

O actual marco legal pretende fomentar a creación de empresas de base tecnolóxica levada a cabo polas universidades como unha das vías para vincular a investigación universitaria e o sistema produtivo. Os artigos 41.2, 83 e 84 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, inciden nesa posibilidade, para cuxa materialización hai que ter en conta o que se di nos estatutos da universidade. Neste punto, o artigo 58.1 dos estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), establecen unha autorización xenérica para o desenvolvemento destas iniciativas ao sinalar que “a Universidade da Coruña poderá crear empresas de base tecnolóxica para favorecer a transferencia dos coñecementos xerados e a súa presenza no proceso de innovación do sistema produtivo”.

O desenvolvemento desta vía de vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo debe respectar a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas; o Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

administracións do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas independentes; a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, e a lexislación complementaria, textos que recollen as limitacións do persoal das administracións públicas para a prestación de servizos noutras organizacións públicas ou privadas. En relación á creación de novas empresas, límitase a participación do persoal ao servizo da Administración pública no desempeño de actividades privadas, así como a súa pertenza a consellos de administración ou a ostentación de cargos nesta, e tamén a súa participación no capital da empresa.

Así mesmo, debe terse en conta o disposto na Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade, que establece que a regulación da titularidade, da distribución dos beneficios, así como das diversas situacións que se puideren presentar coas invencións creadas polo profesorado e polo persoal investigador da universidade, como consecuencia da súa actividade investigadora nesta, debe ser efectuada por cada universidade. A UDC dispón dunha normativa para o efecto onde se recollen as porcentaxes de participación na licenza de patentes e nos modelos de utilidade.

Pola súa banda, tamén é necesario respectar o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, por que se aproba o texto refundido da Lei 22/1987 de propiedade intelectual, desenvolvido tamén por normativa propia da UDC, en que se regula o uso dos traballos realizados no marco da universidade e se definen as figuras de autor ou de autores e os seus dereitos no caso destes traballos se utilizaren con fins lucrativos.

Neste marco normativo, e coa intención de favorecer a actividade empresarial da comunidade universitaria, establécese a presente normativa para regular a admisión e a permanencia no Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da Universidade da Coruña, de xeito que se garantan criterios de acceso e de permanencia que concilien a presenza en igualdade de condicións de todos os sectores da comunidade universitaria interesados, a transferencia do coñecemento xerado pola universidade mediante a creación de empresas que poden, ademais, servir de apoio ao autoemprego do estudantado de 1º, 2º e 3º ciclo, e o retorno económico á universidade.



Artigo 1. Ámbito e obxectivos

1. A presente normativa abrangue a admisión e permanencia no Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica nadas da actividade científica e técnica levada a cabo polo persoal docente e investigador, polo persoal de administración e servizos e polo estudiantado da UDC.

2. A UDC facilitará a creación de empresas mediante os mecanismos de apoio necesarios, incluíndo, se o estimar necesario, a participación no capital social, sempre con dous obxectivos:

- Fomentar a transferencia do coñecemento científico e técnico xerado na universidade.
- Fomentar a cultura emprendedora e o desenvolvemento económico do seu contorno mediante a creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica.

Artigo 2. Solicitude de acceso ao viveiro de empresas

Unha vez convocado o acceso ao viveiro de empresas, o/s promotor/es dunha iniciativa empresarial de base tecnolóxica debe/n presentar a solicitude (formulario na web) ante a Vicerreitoría competente na área de Relación Universidade-Empresa, e recollerá(n) nunha breve memoria os seguintes aspectos:

a) Se se trata dunha iniciativa empresarial:

- O produto ou o servizo que servirá de base á actividade empresarial.
- As persoas que integrarán a iniciativa, con indicación do seu vínculo coa empresa de base tecnolóxica e coa UDC.
- A descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar, indicando en particular se concorren dereitos de propiedade industrial ou intelectual de titularidade da UDC.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Unha breve proposta do plano de negocio, en particular do mercado a que se dirixe, do tipo de clientes, da previsión de ingresos nos seus inicios e dos medios necesarios para o comezo da actividade.

b) Se se trata dunha empresa xa constituída:

- Unha copia do contrato de sociedade, en que se inclúan os estatutos, e das contas anuais, se proceder.
- Unha copia da alta no IAE. Non poderán acceder ao viveiro empresas con máis de 12 meses de alta.
- As persoas que integran o órgano de administración, coa indicación do seu vínculo coa empresa de base tecnolóxica e coa UDC, e as persoas contratadas, cunha copia do seu contrato e a indicación do seu vínculo coa UDC, no seu caso.
- A descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se están a explotar, en que se indicará en particular se concorren dereitos de propiedade industrial ou intelectual de titularidade da UDC.
- Unha breve descrición do plano de negocio, en particular do mercado a que se dirixe e do tipo de clientes, e unha planificación económico-financeira para os próximos dous anos.

Artigo 3. Avaliación da solicitude presentada

1. Unha vez que se reciba a solicitude, encargarse de avaliala unha comisión integrada polos seguintes membros:

- O/a vicerreitor/a competente na área de Relación Universidade-Empresa
- O/a coordinador/a da área de Relación Universidade-Empresa
- O/a director/a da OTRI



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Unha persoa representante do Servizo de Autoemprego
- Dous consultores externos

2. A comisión valorará as solicitudes conforme os seguintes criterios:

- a) A transferencia de tecnoloxía e o retorno económico á universidade. Valorarase especialmente a aplicación de resultados de proxectos de I+D desenvolvidos polo persoal docente e investigador da UDC, así como o retorno económico que a súa explotación poida ofrecer á universidade.
- b) A base tecnolóxica. A característica fundamental das iniciativas ou empresas propostas será a base tecnolóxica dos produtos ou servizos para desenvolver.
- c) A novidade do produto ou do servizo para desenvolver. Valorarase o carácter innovador do produto ou do servizo proposto.
- d) A madurez da iniciativa. Valorarase o grado de desenvolvemento da iniciativa empresarial, tendo en conta que a misión do viveiro de empresas é apoiar os emprendedores na fase inicial da súa iniciativa, incluíndo a posta en funcionamento mediante a constitución dunha sociedade e a alta no IAE, e nos primeiros anos desde a súa constitución.

Artigo 4. Avaliación positiva

1. As solicitudes avaliadas positivamente ostentarán a condición de iniciativas empresariais ou empresas de base tecnolóxica da UDC, de xeito que poidan acceder a todos os servizos de apoio ao emprendemento de que dispón a UDC. Na fase de iniciativa empresarial asignaráselle un local no viveiro, e porase á súa disposición o acceso a redes e a outros servizos comúns, así como as posibilidades de formación e o apoio na preparación do plano de empresa e na procura de financiamento público e privado. Na fase de empresa asignaráselle un local no viveiro con acceso a redes e a servizos comúns. Poranse á súa disposición posibilidades de formación en temas de xestión empresarial, apoio na procura de financiamento público e privado e asesoramento xurídico-comercial.

2. O/a vicerreitor/a competente na área Relación Universidade-Empresa informará periódicamente ao consello de goberno do otorgamento da condición de iniciativa empresarial ou empresa de



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

base tecnolóxica da UDC, respetando en todo caso o disposto no artigo 9 deste regulamento.

Artigo 5. Convenio regulador

1. O/s promotor/es da iniciativa empresarial ou da empresa de base tecnolóxica avaliada positivamente subscribirá/n un convenio coa universidade que regulará o modelo de relación (participación ou non participación no capital social da sociedade, tipo de contribucións, representación da UDC no consello de administración etc.) entre a iniciativa empresarial ou a empresa e a UDC, así como as condicións do uso dos espazos e medios que a UDC pon a disposición do/s promotor/es, e especificarán a gratuidade ou o custo deste uso así como as obrigas de mantemento e coidado que asumen as persoas usuarias.

2. No caso de que a iniciativa empresarial ou a empresa teña como base dalgún dos seus produtos ou servizos a explotación de propiedade industrial ou intelectual da UDC, o convenio deberá incorporar como anexo o correspondente contrato ou convenio de licenza en que se fará constar o tipo de retorno que recibirá a UDC pola súa cesión ou licenza, consonte o establecido na normativa universitaria aplicable.

Artigo 6. Compatibilidade

1. Unha vez que se reciba a avaliación positiva, o/s promotor/es que sexan persoal da UDC deberá/n solicitar a compatibilidade para a realización da actividade correspondente, se proceder.

A autorización entenderase concedida se non se formaliza unha resolución denegatoria dentro dos 20 días hábiles seguintes á presentación da solicitude no Rexistro Xeral, dirixida ao/á vicerreitor/a de Profesorado ou ao xerente segundo se trate dun membro do PDI ou do PAS.

2. As autorizacións de compatibilidade, para as que se terán en conta criterios docentes, de investigación, de captación de recursos externos, etc., só poderán ser denegadas por causas obxectivas debidamente xustificadas que non poderán dar lugar, en ningún caso, a un trato discriminatorio entre membros dun sector ou entre os sectores.



Artigo 7. Seguimento da iniciativa empresarial ou da empresa de base tecnolóxica

1. Trimestralmente presentárase un informe de actividades dirixido ao/á vicerreitor/a competente na área de Relación Universidade-Empresa.

2. Aos nove meses desde a entrada da iniciativa empresarial ou da empresa de base tecnolóxica no viveiro de empresas, o/s promotor/es elaborarán un plano de negocio detallado, que será valorado pola comisión. A non presentación ou a avaliación negativa do plano de negocio suporá a retirada da condición de iniciativa empresarial ou de empresa de base tecnolóxica da UDC e o abandono do viveiro de empresas.

3. Aos doce meses como máximo desde a entrada da iniciativa empresarial no viveiro de empresas debe constituírse a sociedade correspondente. En calquera caso, aos doce meses desde a entrada da iniciativa empresarial ou da empresa de base tecnolóxica no viveiro de empresas terá que estar subscrito o convenio regulador da UDC.

4. Calquera cambio na dirección e control debe ser autorizado polo/a vicerreitor/a competente na área de Relación Universidade-Empresa. A autorización entenderase concedida se non se formaliza a resolución denegatoria dentro dos 20 días hábiles seguintes á presentación da solicitude no Rexistro Xeral. A non solicitude da autorización poderá supor a retirada da condición de iniciativa empresarial de base tecnolóxica da UDC e o abandono do viveiro de empresas.

Artigo 8. Permanencia no viveiro de empresas

O prazo de permanencia das iniciativas empresariais ou empresas de base tecnolóxica no viveiro de empresas non poderá superar os dous anos.

Artigo 9. Confidencialidade

1. Todas aquelas persoas que participaren na xestión das iniciativas empresariais de base tecnolóxica ou que tiveren coñecemento do seu contido por razón do cargo ou do posto que ocupan estarán obrigadas a respectar a confidencialidade sobre o seu contido.

2. O incumprimento desta obriga suporá á esixencia das correspondentes responsabilidades disciplinarias e doutro tipo a que haxa lugar.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DISPOSICIÓN FINAL

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.